

CONTRIBUCIÓN DE GUMERSINDO PLACER Á POÉTICA GALEGA

Xesús Andrés López Calvo

INTRODUCCIÓN

Din que a calidade dos perfumes mídese e calíbrase nas distancias curtas. Este aforismo será bo telo en conta, cando nos propoñamos facer un recoñecemento literario e bibliográfico do P. Gumersindo Placer López (1904-1993). Non se trata de valorar obras densas e extensas, senón de expor a esencia da composición dos seus versos, da «distancia curta» que ofrecen unhas breves páxinas de poemas e rimas, en comparación con outros dos seus escritos, se cadra, máis coñecidos e mellor apreciados.

O desaparecido profesor Xosé Fernando Filgueira Valverde dixo sobre G. Placer: "Se preguntásemos a Frei Gumersindo que é, diría: un sacerdote mercedario, galego de Pontedeume". Nesta afirmación descóbrensenos os trazos distintivos que configuran a identidade do noso autor: o seu nome, que o entronca cunha concreta tradición familiar; a súa condición de sacerdote e freire mercedario, determinando un estilo de formación e de talante de vida; e o apego á súa terra natal, que lle da ós seus escritos -tanto de prosa como de verso- un lixeiro matiz neorrománico.

Pois ben, atévome a suxerir como criterio metodolóxico de interpretación que, se rastrexásemos en busca da manifestación palpable destes tres trazos e vectores que o definiron, atoparíamolos dun xeito impecable nos seus poemas. Estou persuadido de que só chegaremos a gustar da súa mensaxe de poeta, a expresión dos seus ideais, a súa concepción da beleza -fin inmediato da poesía- e de que só percibiremos dende a total comprensión a súa obra literaria, se admitimos que a súa imaxinación non fai máis que elevar, con exquisita sensibilidade, á estrutura material da linguaxe os seus sinais de identidade: Gumersindo Placer López, Mercedario, galego de Pontedeume.

Se cadra, fraco favor lle estou a facer á memoria do P. Placer por me atrever a poñer por escrito as miñas impresións e exercer de erudito nun ámbito como o da literatura ó que me achego coa timidez dun asombrado. Coido que ninguén mellor que aqueles estudiosos que prepararon e introduciron magnificamente a reedición do libro deste autor *Algas* (Luis Alonso Girgado, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Begoña Eguizábal Gándara e Amelia Rodríguez Estévez) para glosar

1. X. F. FILGUEIRA VALVERDE, Prólogo a *Crónicas de mi rincón natal*, Ed. Diputación Provincial de A Coruña, 1977, 5; Cf. tamén FRAY DIEGO, "Recordando al Padre Placer", en *Alfoz* 4 (1993) 25, 6-7.

a relación entre este eumés e a literatura lírica galega. Con todo atrevome con este maxisterio animado polas miñas conviccións e polo feito que comparto, dalgún xeito, os mesmos sinais de identidade que o P. Gumersindo. Dende este punto de partida propóñolles o referido itinerario metodolóxico: unhas pequenas notas para, insisto, gustar da súa obra poética.

NOTAS PARA UNHA COMPRESIÓN DOS SEUS ESCRITOS LITERARIOS

Primeiramente cómpre recoñecer o seu esforzo de encher o baleiro que existía no seu tempo no eido dos estudos da historia da literatura galega. Neste senso non poden ser esquecidos os seus artigos sobre Rosalía de Castro², de Tirso de Molina en Galicia (Madrid, 1949), a divulgación de aspectos ou autores que, sen ser os máis sobranceiros, tamén contribuíron a enriquecer a nosa literatura³, e tamén o tratamento de temas galegos na literatura barroca castelá⁴.

A preocupación por Galicia e a súas xentes comezou a aflorar nel dende moi mozo. A súa primeira colaboración na revista *La Merced* foi en 1928 e sobre un autor galego: Francisco María de la Iglesia, poeta galego do século XIX e autor do himno *Alborada gallega*. Dous anos máis tarde, recompilará nun volume a poesía espallada deste autor que publicará, como xa sinalamos, baixo o título *Do mar e da terra* (Madrid 1930).

O poeta Meendiño, o arcebispo Xelmírez, Rosalía de Castro, Antonio Rey Soto e outros moitos persoeiros insignes de Galicia recibirán a consideración debida na pluma de G. Placer. Esta permanente inquietude polo estudio e a difusión da cultura do noso país farano acreedor do seu nomeamento como Académico Correspondente da Real Academia Galega en 1940. No boletín desta institución publicará traballos de interese, entre os que destacamos o dedicado a *Airas Nunes, poeta compostelán del siglo XIII* (1943) e *Pero de Arema. Poeta gallego del siglo XIII* (1945). Tamén abarcará outros moitos campos, como a arte, a historia, a cultura e os costumes: *A espiri-tualidade do Cancioneiro da Vaticana* (Lugo 1936), e *Galicia y el Sacramento*, relatorio presentado no Congreso Eucarístico Diocesano de Mondoñedo, en 1940, son tan só unha pequena mostra.

Pero non só os persoeiros ilustres de Galicia serán obxecto de estudio deste autor. Ó longo da súa vida, de xeito constante e renovado, irá sacando á luz traballos de investigación, de ensaio, de crítica literaria, e de historia mercedaria sobre todo. As biografías de *Marcos Salmerón* (Madrid,

2. Cf. G. PLACER LÓPEZ, "El alma de Rosalía de Castro", en *Estudios* 72 (1966) 53-79; "Las campanas en la obra de Rosalía de Castro", en *Estudios* 77 (1967) 239-264; "Rosalía de Castro y el convento de Conjo", en *Estudios* 81 (1968) 247-273; "Un subtema rosaliano: o suicidio. Comentario encol de "As Torres do Oeste"; en *Grial* 10 (1972) 36, 138-157; "Rosalía de Castro en Madrid" en *Estudios* 167 (1989) 5-20.

3. Tal é o caso da recompilación, clasificación, e edición dos poemas do escritor compostelán Francisco María de la Iglesia (1827-1897). Gumersindo Placer tomou o empeño de corruxir o esquecemento que pesaba sobre este autor e deu ó prelo unha escolma lírica que, co título *D'o mar e d' terra* publicado por primeira vez en 1930, constitúe o único -e póstumo-poemario do escritor.

4. Cf. G. PLACER LÓPEZ, "Mari-Hernández la gallega. Notas pra un prólogo", en *Grial* 11 (1973) 40, 171-186.

1948), *García de Pardiñas* (Madrid, 1951), *Serafín de Freitas* (Madrid, 1956), *Isidro Valcárcer* (Madrid, 1957), *Bartolomé de Olmedo* (Madrid, 1961) e *Francisco Zumel* (Madrid, 1965), son unha lista espléndida da súa capacidade investigadora e divulgadora.

Escribiu algúns versos, non moitos, en galego a maioría. Prodigou máis esta veta na súa época xuvenil: "*Poema a María Inmaculada*" ou "*Romance del buen Mercedario*" publicados nos anos trinta na xa mencionada revista *La Merced*. Publicounos baixo o pseudónimo Sergio M. Dun, recomposición aleatoria do seu propio nome Gumersindo⁵.

En 1959, saíu da imprenta «Artes Gráficas CIM» de Madrid un pequeno libro de versos en galego do que se fai unha reedición en 1994. Son 18 cancións, áxiles, nutridas de melancolía e de saudade, de ritmo danzarín, ás veces, e de remansado latexo, outras, nun galego sinxelo e cheo de frescura popular. Esta obrinha será o tema do que nos ocuparemos nestas páxinas.

Vexamos como estes poemas se constrúen desde os seus sinais de identidade.

1. Os referidos ás súas orixes

A véspera da Noiteboa de 1904 nace na rúa Santiago da vila de Pontedeume, que daquela, coma hoxe, está presidida por unha fonte, cuns rumores de auga que o inspiran no 1974 a escribir un pequeno artigo alegórico⁶. Fillo de Xosé, un mariñeiro pescador a quen cualifica como "proa do meu pensamento"⁷, e de María Antonia, peixeira dedicada ó comercio, e que, en palabras do noso autor, "o seu corazón era superior á miña intelixencia e sentía a fe como vida"⁸. Herda como patrimonio persoal deles a súa ansia de mergullarse na alma das cousas. A experiencia familiar gárdase na memoria do P. Gumersindo como experiencia de identidade.

Curiosamente, moi poucos escriben a historia da súa familia e, sen embargo, ela é toda a nosa vida. Familia quere dicir casa. A casa, a rúa, o barrio, inciden sobre o xeito de ser das persoas. A concepción que o P. Gumersindo ten da cosmoxía e do mundo vén, en moitas ocasións, mediatizada pola súa particular experiencia da familia e da casa.

A extraordinaria riqueza da súa vida afectiva é un dos trazos máis comúns e que mellor tipifican o P. Gumersindo. É un home apegado ós seus, isto evidénciase no amor co que describe a súa familia, no amor que amosa cara á súa historia persoal e ás tradicións; en definitiva, no amor que sente pola natureza e a paisaxe que o rodea. Pontedeume aparecerá sempre nas súas lembranzas, e faino sempre cunha imaxe romántica, de sosego e harmonía, que el tiña desa vila dende a súa mocidade.

5. Cf. J. LAKA, "Gumersindo Placer, gallego y mercedario universal", en *Diario de Pontevedra* (Edición única, 27-12-1993) 3.

6. Cf. G. PLACER LÓPEZ, "Mi calle eumesa de Santiago", en *Crónicas de mi rincón natal*, o. c. 153.

7. Cfr. *Ibid.* 123.

8. *Ibid.*

dade. En Pontedeume hai pedra, hai arte, hai reflexo do sol e, malia estar situada na umbría do Breamo, un bo clima.

O 7 de maio de 1977 o Concello de Pontedeume noméao Fillo Predilecto da Vila e dedícalle unha rúa, nas proximidades do actual peirao. O 6 de xuño de 1997 foi obxecto dunha merecida homenaxe, xunto con outro fillo predilecto eumés, A. Couceiro Freijomil, na que amais da reedición das obras de ámbolos dous colocáronse placas conmemorativas nas casas natais dos escritores.

Con motivo do seu nomeamento como Fillo Predilecto da Vila, publícase unha escolma de artigos sobre Pontedeume titulado *Crónicas de mi rincón natal* (A Coruña, 1977). Trátase dunha dúcia de colaboracións dirixidas a resaltar as belezas e excelencias da terra que o veu nacer. Os seus restos agardan a resurrección final no Panteón de Eumeses Ilustres no Cemiterio Municipal de Pontedeume.

2. A súa vocación de mercedario

Ós trece anos sae do seu ámbito familiar para ingresar o 7 de outubro de 1917 no Convento Mercedario de Poio en Pontevedra. Alí pasa once anos de formación. Realizou a súa profesión simple o 8 de febreiro de 1921 en Sarria (Lugo). Os estudos filosóficos e teolóxicos desembocan na súa profesión solemne o 6 de xuño de 1927 en Poio; subdiaconado e diaconado en Tui en 1927. Ordénase presbítero en Madrid, na igrexa do Perpetuo Socorro o 2 de febreiro de 1928 pola imposición de mans do bispo Mutiloa. Canta misa o 12 do mesmo mes xa de novo en Poio.

Acode ás leccións de profesores como Losada Diéguez, Alfredo de la Iglesia e Ramón Sobrino Buhigas, todos eles profesores no Instituto de Bacharelato de Pontevedra, centro onde compaxinou outros estudos ademais do noviciado. Sendo estudante de teoloxía participou en 1926 nun certame nacional con motivo do XVI Centenario do Concilio de Nicea, en Pontevedra, *co traballo Personalidad de Osio de Córdoba en el primer tercio de la cuarta centuria*, que recibiu premio⁹.

Exerceu como profesor durante os primeiros anos de sacerdocio, pasando sucesivamente por distintos colexios e casas de formación mercedarias. En 1948 é elixido comendador da comunidade mercedaria de Ferrol, cargo ó que renuncia nada máis recibida a comunicación do mesmo. Esta reacción, se cadra, debeuse á experiencia negativa pasada un ano antes cando tivo que exercer como secretario de visita canónica do superior xeral da orde, o P. Alfredo Scotti, aínda que tamén puido influír a convicción persoal de que polo seu temperamento non servía para esa tarefa.

Diremos que a súa sólida formación humanística é determinante para o seu xeito de facer literatura. O estudio do latín, lingua vehicular dos estudos eclesiásticos de entón, faille fácil o

9. Cf. L.VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, "Placer López, Gumersindo", en *Gran Enciclopedia Gallega*, Vol 25, 56-57.

acceso ós clásicos e, polo tanto, ó coñecemento dos xéneros da arte da retórica e dos temas da mitoloxía.

Os centros mercedarios polos que pasa actuando coma docente ou predicador: Conxo, Poio, Monterrei, Verín, Sarria, Ferrol e Xunqueira de Ambía, son berce de misioneiros, catedráticos, teólogos, investigadores, bispos... Nacen nestes contextos revistas como *Sal-Lux* que canalizan as inquedanzas intelectuais de brillantes profesores e exemplares relixiosos: Carlos Carnevali, Serafín Soalegui, Guillermo Vázquez e Xosé Míguez.

Amais das actividades propias da docencia o P. Gumersindo foi capelán do Corpo de prisións por espacio de máis de 30 anos, cargo ó que accedeu por oposición en 1943. En Madrid realiza esta función por espacio de dezasete anos; por outros catorce desempeñárono no cárcere de Pontevedra. No momento da súa xubilación foille concedida a medalla ó Mérito Penitenciario. Durante a súa estadía en Madrid compaxinará esta actividade coa capelanía das monxas mercedarias de San Fernando, no seu colexio será profesor entre 1949 e 1957.

A súa obra cume, producto dun labor paciente e ordenado, é a *Bibliografía Mercedaria* (Madrid 1963, 1968 e 1983) con tres volumes de máis de 2000 páxinas, que dan clara idea do labor impreso dos mercedarios ó longo dos séculos. Outros estudos interesantes, como a presenza da advocación da Virxe da Mercé en Rusia ou Australia, son dignos de ser citados. Non poucas veces Galicia e a Orde da Mercé foron estudiasdas en harmoniosa sinfonía, como os mosteiros de Santa María de Conxo ou San Xoán de Poio, a colexiata de Xunqueira de Ambía, a ermida da Mercé de Chanteiro, e o Voto da vila de Mugaridos á Virxe da Mercé¹⁰. A comunidade de La Buena Dicha, de Madrid, será o destino de G. Placer dende 1975 ata o seu pasamento acontecido na residencia "Los Nogales", o domingo 18 de xullo de 1993.

O estilo da predicación e da oratoria dos freires mercedarios (dedicada ó tema da redención de reféns e minuciosamente estudiada polo P. Gumersindo)¹¹ a miúdo ten un aire dogmático e moral ó xeito de tese universitaria do que axiña se observa unha certa pegada nos poemas do P. Gumersindo. Un exemplo é a «Meditación do muxe»:

*Pra min o muxe sempre foi monxe,
na vida monástica do río.
Sube e baixa, baixa e sube, nunca
quedo, cal fogueira do deseo.*

10. Cf. JUAN LAKA, "Gumersindo Placer, Gallego y mercedario universal", en *Diario de Pontevedra*, Lunes 27 de diciembre de 1993, 3.

11. Cf. G. PLACER LÓPEZ, "Oratoria Mercedaria", en *Estudios* 90-91 (1970) 611-660.

*Entr'as algas, mexillós e penas,
sempre voando, aerodinámico,
busca, ¿qué busca?, ¿por qué rebusca
o peixe mais sabio do Eume claro?*

*No seu eterno buscar, non sente
a tentación de picar no: «engado».
Burla ós anzuelos y-os pescadores,
e baila, soave, o corpo ondulado.*

*Olo avizor, escama de prata,
baixo do ponte, -contra a corrente-,
o muxe vive vida insaciable;
¡leva unha vida ben penitente!*

*¿Pódese un río quedar en calma?;
un alma, ¿pode fuxir de Diós?;
¡nunca, xamais! Pois tampouco o muxe
terá ledicia en tratar con nós.*

*O ver o muxe, estremezo, e sento
door e gozo. Faime que lembre
que a vida vaise, mentras que penso...
por qué teremos de pensar sempre.¹²*

Nesta liña de vestixios da oratoria mercedaria nos poemas de *Algas*, tamén se amosan os poemas de contido didáctico. A comparación e a descrición empréganse como recurso pedagóxico. Uns exemplos:

*Falangeiro cal unha vella,
andas contos a levar,
saltando de souto en souto,
do carballal ó pinar.¹³*

*Fogueira bendita; pai do calor;
dios mitolóxico; galán da aurora;
luz e quentura; ledicia e craror;¹⁴*

12. Cfr. *Algas*. Páx. 37-38 da primeira edición (1959) e páx. 67-68 da segunda (1994).

13. "O Merlo", en *Algas*, 40-42 (1959); 71-72 (1994).

14. "Sol", en *Algas*, 45 (1959); 75 (1994).

*Teño enfermo o corazón
dame brincos e latidos,
como berros de curuxa
nas noitebras sin luar.
Vai o sangue como un río,
e, de pronto, ¡paf!...escoa,
como unha branda burbuxa
que se desfai pol-ar.¹⁵*

Por último convén subliñar a actitude de agarimosa lembranza da vida monacal do mosteiro de Caaveiro coma expresión do ideal de existencia.

Meirande ambición se manifesta (na medida na que atinxen á condición humana) nos versos que, con finalidade exemplarizante, son protagonistas animais como muxes, merlos, e elementos naturais como o Sol, o Eume, a beira da fonte, a pociña de auga. No trasfondo sempre se adiñan unhas sentencias morais.

3. Galego de Pontedeume

A súa vila natal amosa peculiares condicións xeográficas: paso obrigado para comunicacións, encrucillada de mar e terra, aberto ó mar e, por iso, aberto ó trasfego de xentes e ideas, verxel de Galicia, a ponte imprimindo carácter... Todo isto converte a Pontedeume nunha terra de liberdade, nunha terra que invita a producir literatura.

Aínda que en vida foi un galego e un mercedario universal, o P. Gumersindo explica a influencia do seu medio vital na súa identidade:

"Siendo apenas joven salí del pueblo y, aunque vuelvo a él con cierta frecuencia, su pensamiento me acompaña siempre. De lejos, y con nostalgia, se da más importancia a la villa, a su paisaje y a su mar, a las cosechas, a escenas y sucesos que paralizan el corazón a fuerza de impresionarlo. Es el mal común de la ausencia"¹⁶.

Os seus poemas son coma unha oportunidade de contar as historias da súa vida e do seu contexto onde medra e madura como persoa. Aquí atévome a aventurar a influencia do estilo do poeta pontevedrés Luis Amado Carballo: facer poesía reflectindo nos poemas a paisaxe da terra na que se vive. Os elementos da natureza e da paisaxe personifícanse atribuíndolles calidades humanas. Son versos esteticamente moi elaborados de tons intimistas¹⁷.

15. "Un cardíaco", en *Algas*, 32 (1959); 61 (1994).

16. G. PLACER LÓPEZ, "Mi calle eumesa de Santiago", en *Crónicas de mi rincón natal...o. c.*, 153.

17. Cfr. D. VILAVEDRA, "Historia da Literatura Galega", Vigo, Galaxia 1999, 195-198.

Movido pola súa constante preocupación galeguista -en 1931, xunto con Otero Pedrayo, Vicente Risco, Paulino Pedret, Filgueira Valverde e outros, participa na fundación da revista galega *Logos*- incluíu personaxes e motivos eumeses nos seus poemas, encadrables, pola concreta referencialidade das súas percepcións e do propio contexto vital.

ACHEGAS DO P. GUMERSINDO PLACER Á POÉTICA GALEGA

1. Contribuír á pervivencia na nosa lingua

Xa sinalamos que a obra poética do P. Gumersindo non é moi fecunda, pero a súa pequena incursión no campo da poesía evidencia a súa capacidade e dotes. Ante todo, hai que deixar ben definido que non tería sido posible a pervivencia da nosa lingua, na situación actual na que nos recoñecemos, sen a presenza e o esforzo que, en diferentes niveis de contribución, os nosos escritores desenvolveron.

Se é verdade que a Historia da Literatura é implacable coa análise da obra, e o paso do tempo introduce inevitablemente sabedoría de criterio para establecer a memoria e o esquecemento, e diferenciar, finalmente, o que é a altura de estilo do que é epigonal ou simplemente mediocre; tamén é verdade que é necesaria outra metodoloxía que aplicar para nos referir ó proceso da nosa lingua. A importancia obxectiva que libros, aparentemente subsidiarios, publicacións sen pretensións excesivas desde o punto de vista literario, e autores que nunca figurarán no eido dos escollidos, tiveron para o desenvolvemento do noso idioma, para encher de sentido o mapa da normalización lingüística, é algo que debemos expresar. E non só iso: convén -se lle souberamos ser leais á Historia de Galicia- o agradecemento¹⁸. Desde aquí arrinca o sentido da miña valoración, que non quere ser máis que unha mínima, pero solidaria, contribución e homenaxe a quen en anos máis difíciles se esforzou para que o noso idioma recuperase un status social que hoxe estamos camiño de acadar.

2. Na escola do imaxinismo

A obra do P. Placer é a dun verdadeiro polígrafo pola súa variedade e diversidade de temas e asuntos. Aínda despois da súa morte publícase algún artigo sobre cuestións historiográficas¹⁹. Froito das súas inqedanzas intelectuais é a exploración que fixo dos campos da diplomática, da historiografía, da hermenéutica literaria, da oratoria relixiosa e tamén da poesía. A este último ámbito é ó que nos estamos a limitar.

18. Cf. M. REGUEIRO TENREIRO, "Presentación", en A. MONTENEGRO SAAVEDRA, *Fábulas Galegas e outros poemas*, Santiago, Xunta de Galicia 1991, 3.

19. G. PLACER LÓPEZ, "La madrileña calle Silva", en *Estudios* 52 (1996) 195, 137-154.

Principiaremos dicindo que non estamos diante da clásica figura dun poeta, sen embargo podemos afirmar que a escolma de poemas do P. Gumersindo está orientada dentro da ampla corrente do movemento literario galego da poesía descritiva, típica das renovacións literarias de principios de século e constituída con base na acumulación de imaxes da natureza.

Dentro do período que vai dende 1950 ata 1975 (*Algas* publícase por primeira vez en 1959) conviven na literatura galega varias tendencias sen que se poidan contemporaneamente incluír nun único conxunto a todos os produtores de poesía. Sen embargo, facendo un esforzo de precisión, os versos do P. Placer poden ser perfectamente asumidos dende a tendencia do imaxinismo, iniciada polo aludido Amado Carballo e o paisaxismo, caracterizado por unha visión mística e telúrica da paisaxe. Seguen esta liña autores como Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro. A un nivel máis humilde e minoritario, pero tamén dentro do contexto eumés, podemos citar as escolmas de Miguel López Torre²⁰. E dentro do ámbito eclesiástico a composición poética de Avelino Gómez Ledo²¹.

A poesía de Amado Carballo gozou de grande prestixio entre os lectores galegos. Contemporáneo do P. Gumersindo, naceu en Pontevedra en 1901, e xornalista de profesión só publicou un libro de poesías en vida, *Proel*, igual que outra egrexia figura das nosas letras: Manoel Antonio. Entre tódolos autores anteriormente citados podemos falar duna especie de escola que ten a Amado Carballo por mestre. Esta escola foi denominada de varios xeitos. Un deles neorrománica:

*"La posición sentimental del poeta ante sus motivos es la ternura no exenta de humorismo. Es la suya una poesía aldeana. Puede surgir el recuerdo de Noriega Varela. Pero la imagen es de una atrevida modernidad y de una originalidad auténtica. La paleta es rica, los colores vibrantes. La técnica se ahínca reciamente en lo popular, pero el artista tiene personalidad y altura. Un barroco labriego. Pero también un espíritu afín a los maestros románicos. Por su voluntaria identificación con el paisaje, por el empleo de los motivos locales, por su realismo, por la ausencia de impulso hacia lo infinito, Amado Carballo puede ser considerado el jefe de una escuela neorrománica"*²².

En fin, é o hillozofismo, o animismo, o que nos parece caracterizar a imaxe do noso poeta, que nos presenta unha natureza viva, animal e humana. Os versos de G. Placer, igual que os de Amado Carballo están especializados na temática paisaxística. Paisaxe rural, en moitas ocasións do seu Pontedeume natal. Non se trata duna paisaxe salvaxe, senón duna paisaxe humanizada. Son os ríos, os camiños, as fontes, as pozas, os elementos da vida cotiá. É o cadro dun primitivo, dun inxe-

20. Cf. M. LÓPEZ TORRE, *Do tear esquecido*; ID., *Romancero del Eume*, Pontedeume.

21. Cf. X.M. VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, "Historia e toponimia de Chantada. Aportacións inéditas de Avelino Gómez Ledo", en *Lucensia* 6 (1996) 13, 281-288.

22. R. CARBALLO CALERO, *Aportaciones a literatura gallega contemporánea*, Madrid 1955, 142.

nuista, non exento de humor, predominando o campo e maila mariña. Estamos na época en que "a poesía é a álgebra superior das metáforas"²³.

3. Con fondas inqedanzas galeguistas

O verso curto imprime unha lixeireza e axilidade de ritmo. As composicións en pentasílabos («Alma en pena»); e octosílabos («Non dudo») aparecen sempre rimadas, ben en consonante ou en asonante.

En canto á lingua, o galego manexado polo P. Placer (que certamente non deixou de cultivar o castelán), amósase situado lonxe da lingua falada pero con certo rexistro popular. Algunhas das peculiaridades:

a) Presencia de castellanismos. Fonéticos: parella «O pensamento y o vento» (*Non dudo*). Léxicos: «Dios» (*Camiño do Ceo*), «Galán» e «Puñales» (*Foise*). Non se observan, sen embargo, castellanismos sintácticos.

b) Emprego do circunflexo para solucionar o problema das contraccións.

c) Non aparecen vulgarismos nin se perciben usos fraseolóxicos típicos da zona.

En síntese, estes poemas non difiren, pola natureza do seu universo literario e poético, das inqedanzas intelectuais e do galeguismo dun autor, coñecedor da métrica e dotado de certa facilidade e axilidade para o verso. Gumersindo Placer canta ás persoas, á paisaxe e ós elementos naturais da súa terra. Nada novo, dende logo, pero tampouco nada que teña que envexar a algúns outros poetas de máis sona, pero non de máis mérito.

Mestura, que non confusión, de intencións literarias e visións sentimentais, versos costumistas e descritivos, textos cargados de emoción é o que atoparemos cunha lectura pausada. A ela é ó que lles convido.

Remato esta colaboración con palabras do propio Gumersindo Placer, cando no 1930 tivo que prologar-lo libro de Francisco M^a de la Iglesia, D'o mar e d'a terra, e que coído poden resumir o que arestora tentei facer:

*"Nada mais. Agora, leutor doado, volta a folla, e zuga n'a y-alma d'un poeta, gus - tando versos de home: nerviosos, ardenciosos; valentes por ser d'un celta, e cheos de vida intensa"*²⁴.

23. Cf. R. CARBALLO CALERO, *Historia da Literatura galega contemporánea 1808-1936*, Vigo, Galaxia 1981, 705

24. G. PLACER LÓPEZ, "Prólogo", en F. M. DE LA IGLESIA, *D'o mar e d'a terra*, La Merced, 1930.